

**MUSEO LISTE - ETNOGRÁFICO DE VIGO E CENTRO DE ARTESANÍA
TRADICIONAL - CAT. PROGRAMACIÓN 3º TRIMESTRE 2015****MUSEO LISTE VIGO****EXPOSICIÓN PERMANENTE**

As diversas salas que conforman o discurso expositivo da colección permanente, ofrecen unha perspectiva xeral da Galicia tradicional. A humildade das pezas exhibidas esboza unha paisaxe da nosa cultura material que actúa como fío condutor para comprender a súa riqueza.

A rotulación de sala permite a autonomía da visita. Aínda así, os itinerarios guiados continúan a desenvolverse, igualmente, para grupos (a partir de 10 persoas) previa solicitude e, para visitantes particulares, nos días e horas establecidos para tal fin .

VISITAS GUIADAS:

Disponibles, como ven sendo habitual, para grupos previa solicitude.

Para o público en xeral, os percorridos guiados realizaranse todos os mércores e sábados ás 17:30 h.



EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

O INFINITO CAMIÑAR DO TEMPO.

Contido: A necesidade de medir o tempo supuxo un reto para a humanidade que ao longo da historia perfecciona mecanismos que lle permiten medir o seu paso. A modo de breve historia da relojería e a súa evolución, o Museo presenta esta exposición baseada nunha escolma de máis de 60 aparellos, mostra da capacidade imaxinativa de moitos, que permitiu e anticipou os reloxos.

- Reloxos de sol.
- Clepsidras.
- Reloxos de area.
- Reloxos de lume.
- Astrolabios e nocturlabios.
- Reloxos mecánicos de roda.
- Reloxos de péndulo.
- Reloxos de bolas.
- Reloxos de cuarzo e atómicos.



Lugar: Sala de exposicións temporais do Museo Liste.

Datas: do 21 de febreiro ao 31 de agosto de 2015.

Soposte didáctico: colección pertencente a D. Domingo Pérez Somoza, de "Domingo Joyeros", xoiaría creada en 1950 en Monforte de Lemos (Lugo).

VIAXEIROS (I) "MOMENTOS DE ENCONTRO".(EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA)

Contido: Enmarcada dentro do programa "Entre Culturas" que o Museo dedica nos meses de verán ao achegamento a outras formas de construír cultura. A exposición fotográfica nos permite contemplar modos de vida ben afastados xeográfica e culturalmente.

Lugar: Sala didáctica "O devir das estacións".

Datas: a partir do 1 de agosto.

Fotografías:

Vidal Martín Fernández

Rocío Alonso Canillar.



CON PÉS E CABEZA (EXPOSICIÓN ITINERANTE)

Contido: continúa en exhibición esta exposición itinerante que comezou a súa andaina no ano 2010 na sede do Museo.

Lugar: Castelo de Sobroso, Centro de Recuperación da Cultura Popular (Ponteareas).

Datas: sen especificar data de clausura.

Soporte didáctico: diversas pezas relacionadas coa indumentaria coas que se cubrían pés e cabeza, que permiten un percorrido pola historia.

TALLERES DE COÑECEMENTO

INSTRUMENTOS HUMILDES .

Contido: recursos cos que orixinar sons musicais. O discurso do monitor agrupa os instrumentos segundo a finalidade do seu uso primitivo en instrumentos construídos co fin de tocar; obxectos de uso cotiá utilizados como instrumentos e xoguetes sonoros ou que imitaban instrumentos.

Lugar: salas do Museo ou xardín circundante (Tamén se realizará no CAT se así se solicita).

Datas: durante todo o ano previa solicitude de grupos de 10 persoas como mínimo.

Duración: 1 hora.

Dirixido a: adaptado segundo a franxa etaria a nenos e a adultos

Soporte didáctico: instrumentos de son e monitor guía.

Monitor: Erica Iglesias Neira.

ENCAIXANDO ANACOS.

Contido: ao longo do percorrido polo Museo, os nenos poderán atopar diversas pezas que posteriormente terán que compoñer, descubriendo así os obxectos expostos.

Lugar: Museo Liste.

Datas: durante todo o ano.

Duración: 60 m.

Dirixida a: grupos de nenos e nenas de Educación Infantil previa solicitude.

Soporte didáctico: monitoraxe e pezas de quebracabezas.



NO LABIRINTO DA OCA.

Contido: xogo de preguntas e respostas no que avanzar nun labirinto ata chegar á meta.

Lugar: Museo Liste e finca circundante ao Museo.

Datas: 3º trimestre (xullo, agosto e setembro)

Duración: 60 m.

Dirixida a: grupos de nenos e nenas de 6 a 12 anos, previa solicitude.

Soporte didáctico: Monitoraxe e material axeitado para levar a cabo o actividade.



ADIVIÑA, ADIVIÑANZA.

Contido: xogo de adiviñas a través das que descubrir parte da tradición ora galega.

Lugar: Museo Liste e finca circundante ao Museo.

Datas: 3º trimestre (xullo, agosto e setembro)

Duración: 60 m.

Dirixida a: grupos de nenos e nenas de 6 a 16 anos previa solicitude.

Soporte didáctico: colección permanente do Museo, monitoraxe e materiais de xogo.



... E COMO PASA O TEMPO.

Contido: A exposición temporal en exhibición “O Infinito camiñar do tempo” será o fío condutor de experimentos en torno ao tempo.

Lugar: Museo Liste e finca circundante ao Museo.

Datas: 3º trimestre (xullo, agosto e setembro)

Duración: 60 m.

Dirixida a: grupos de nenos e nenas de 6 a 16 anos previa solicitude.

Soporte didáctico: colección de D. Domingo Pérez Somoza, monitoraxe e materiais diversos.



ASÍ XOGABA, ASÍ, ASÍ,...

Contido: achegamento aos xogos tradicionais a través da súa posta en escena e á exhibición de xoguetes antigos.

Lugar: Museo Liste e finca circundante ao Museo.

Datas: 3º trimestre (xullo, agosto e setembro)

Duración: 60 m.

Dirixida a: grupos de nenos e nenas de 3 a 16 anos previa solicitude.

Soporte didáctico: colección de xoguetes, monitoraxe e materiais diversos.



NOUTRORA.

Contido: maqueta que exhibe o enxoval e o mobiliario tradicional dunha casa da pequena fidalguía rural nos derradeiros séculos.

Realizada artesanalmente en cerámica esmaltada en frío e madeira, pola artesá ceramista D^a. Carolina López García.

Partindo desta maqueta iníciase xogos de identificación de pezas pertencentes ao enxoval doméstico e casa tradicional presentes no Museo.

Lugar: Museo Liste.

Datas: 3º trimestre.

Dirixida a: todos os públicos

Soporte didáctico: maqueta, miniaturas en madeira e cerámica.



AUDICIÓN DIDÁCTICAS

ENTRECULTURAS.

Contido: dentro dos **Encontros Musicais** que anualmente ofrece o Museo no programa “Entre Culturas” en temporada de verán, contaremos co dúo **MP Bossa** composto por **Yuri Mello** e **Pedro Lima**.

Procedentes de Brasilia (Brasil). Ofrecerán un repertorio de bossa nova e música tradicional brasileira.

Lugar: Xardín circundante ao Museo Liste.

Datas e hora: venres, 7 de agosto ás 21:00 h.

Dirixida a: todos os públicos. Entrada libre.



CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL – CAT

EXPOSICIÓN PERMANENTE: CESTEIROS NA TRADICIÓN.

Contido: valiosa colección de cestería como testemuña da importancia que acadou esta arte na cidade. As visitas guiadas a este espazo son realizadas polo artesán cesteiro Rubén Berto Covelo.

Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT).

Datas: martes e xoves de 11:00 a 14:00 h. mércores de 17:00 a 20:00.

Previa solicitude para grupos.

Duración: 1 h. e ½

Soporte didáctico: colección de cestería tradicional propiedade do C.A.T.

EXHIBICIÓNS DO PROCESO PRODUTIVO: CESTOS DO MAR I.

Actividade complementaria que se realiza xunto coa visita **en grupo previa solicitude** á exposición “Cesteiros na tradición”. A arte da cestería tamén deu solución ás necesidades do ámbito do mar. Patelas, nasas,... son exemplos desta cestería. Exhibición do seu proceso produtivo, a cargo do artesán cesteiro Rubén Berto Covelo.



Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT).

Datas: martes e xoves pola mañá (de 11:00 a 14:00 h.) e os mércores pola tarde (de 17:00 a 20:00) Previa solicitude para grupos.

Duración: a realizar xunto coa visita á exposición permanente, para os grupos previa solicitude.

Soporte didáctico: monitor artesán

CURSOS.**- MIRA E FOTOGRAFÍA. CURSO DE INICIACIÓN Á FOTOGRAFÍA.**

Contido: Obradoiro no que os participantes poderán coñecer os rudimentos da fotografía e facer percorridos titorizados pola zona histórica sacando o mellor partido ás súas cámaras.

Este curso pretende introducir aos alumnos no mundo da fotografía dun xeito didáctico e participativo, coñecendo as bases da linguaxe fotográfica.

Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT) e Casco Histórico.

Dirixido a: rapaces e rapazas de 9 a 16 anos.

Duración: 8 horas

Datas e horarios: martes 14 de 11:00 h. a 13:30 h.; mércores 15 de 11:00 h. a 13:30 h.; xoves 16 de 11:00 h. a 14:00 h. do mes de xullo.

Nº de prazas: 10 . (Período de inscrición aberto a partir do 20 de xuño ata completar as prazas a través do teléfono 986244698).

Docente: Andrés Terraza Pérez, fotógrafo e formador.

Material preciso: imprescindible que os participantes conten con cámara de fotos e pen drive.

Consideracións especiais: dado que se realizarán percorridos titorizados pola zona histórica, é imprescindible que os pais, nais ou tutores/as legais dos inscritos/as firmen a autorización para participar en actividades fóra do centro. En ningún caso se poderá participar no curso sen esta autorización.

PERCORRIDOS URBANOS: MIRADAS ETNOGRÁFICAS.

Contido: percorridos guiados nos que afondar etnográfica e historicamente. Son tamén estratexias de sensibilización cidadá con respecto á visión dos elementos patrimoniais.

Rutas: os grupos poderán optar entre dous percorridos

Percorrido nº 1: Casco Vello

Percorrido nº 2: Bouzas

Lugar: o lugar de partida para cada un dos percorridos será convenientemente difundido.

Datas: os **venres** para grupos previa solicitude de forma gratuíta. Mínimo grupos de 15 persoas. Os particulares que desexen unirse ao grupo preestablecido, poderán facelo inscribíndose polas canles de contacto referidas no cadro final e sempre que existan prazas vacantes.

Hora: a convir, sempre en horario de tarde.

Duración aproximada: 2 h.

Monitor-guía: Elisa Pereira García.

FALADOIROS ARTESÁNS: “ARTESANÍA CON CUNCHAS, DA TRADICIÓN AO DESEÑO”.

Charlas abertas sobre temas relacionados coa artesanía actual, partindo da perspectiva e experiencia dos artesáns convidados en cada convocatoria.

Nesta ocasión, **Montserrat Betanzos**, artesá colareira, introducirá a charla “**Artesanía con cunchas, da tradición ao deseño**”.

Esta artesá representa a terceira xeración deste oficio e ten obradoiro aberto en O Grove dende 1978.

Dirixido: ao público en xeral. Entrada libre

Lugar: Centro de Artesanía Tradicional (CAT).

Datas e horarios: mércores, 8 de xullo ás 20:00 h.



O ESCAPARATE.

Iniciativa nacida no ano 2013 que brinda un espazo expositivo como escaparate para a actual produción artesán, na zona alta do casco histórico da cidade.

Como novidade este ano, os traballos poden presentarse en calquera momento.

Actualmente atópase en exposición “**Caracola: vestidos de conto**”, mostra da produción da ilustradora e artesá **Ánxeles Rodríguez Ferrer**.

Lugar: C.A.T (Centro de Artesanía Tradicional)

Datas: durante todo o ano. Diversos artesáns.

Horario: dentro do horario establecido para o centro.

CONVOCATORIAS

- SELECCIÓN DE TRABALLOS ARTESÁNS PARA “O ESCAPARATE”.

Obxectivo: seleccionar traballos artesáns susceptíbeis de ser expostos no Centro de Artesanía Tradicional de Vigo (C.A.T). Poderanse presentar traballos en calquera momento do ano de xeito que os *dossieres* enviados poderán participar tamén en futuras seleccións.

Os traballos seleccionados exhibiranse no C.A.T. durante un período aproximado de tres meses.

Participantes: artesáns que queiran dar a coñecer a súa produción.

Prazo de presentación de dossiers: convocatoria aberta durante todo o ano. Os dossiers poderán ser enviados á dirección postal do correo ou a través do correo electrónico didactica@museoliste.org.

Imprescindible indicar un número de teléfono de contacto e un correo electrónico.

INFORMACIÓN XERAL

HORARIO MUSEO LISTE VIGO

DE MARTES A SÁBADO:

MAÑÁNS : de 11:00 h. a 14:00 h.. TARDES: de 17:00 h. a 19:00 h.

PREZOS DE ENTRADA AO MUSEO LISTE

Xeral: 2 €

Reducido: 1 €. menores de 12 anos 3ª idade, parados, estudantes e integrantes de grupos de máis de 10 persoas.

Gratuito: Centros de Ensino (do Concello de Vigo) e Asociacións da 3ª Idade (do Concello de Vigo); exposicións temporais e actividades que así o indiquen.

CONTACTO

Tfno. 986-244698

Rúa Pastora, nº 22, Vigo

recepcion@museoliste.org

visitas@museoliste.org

www.museoliste.org

HORARIO CENTRO ARTESANÍA TRADICIONAL: CAT

MARTES E XOVES DE 11:00 A 14:00

MÉRCORES DE 17:00 A 20:00

Entrada gratuíta